# APROXIMACIONS A MANOEL ANTONIO




## XOSE LUIS AXEITOS

### SINOPSE

Con razón decía Baudelaire que proporciona certa gloria non ser comprendidos . A obra poética de Manoel Antonio , malia o tempo transcorrido desde a súa morte , segue a transmitir , como a do poeta francés , un certo halo de misterio , producido en gran parte porque non lle proporciona inmediatamente ao lector significacións últimas , definitivas . En efecto , a obra do rianxeiro , aínda examinada e lida con rigor , apunta sempre cara a un máis ala que non acada certezas absolutas . Lévanos , a súa lectura , aun eido no que a linguaxe é unha sorte de manifestación do ser como experiencia do pensamento e dunha comtemplación estética anovadora , crítica , non clasicista . Non obstante , a verdadeira transcendencia da palabra de Manoel Antonio non radica na creación dese eido da linguaxe nin no ton que o sacraliza e conforma ; a súa relevancia literaria reside na reflexión que proxecta sobre o propio acto creativo e sobre as dificultades conscientes de construír un texto espacializado e asemade un espazo textualizado . De aqui , da valoración desta complexidade , nacen as súas preocupacións metapoéticas e metacríticas , probablemente a faceta máis reveladora e interesante para deconstruír a poética do escritor e mariñeiro de Asados ..... ...

| | |
|---|---|
| **Editora** | AXOUXERE EDITORA |
| **Materia** | ENSAIO |
| **Colección** | POLIMNIA |
| **EAN** | 9788494855351 |
| **Estado** | Disponible |
| **Encadernación** | Tapa blanda |
| **Páxinas** | 269 |
| **Peso** | 340 |
| **Prezo (Imp.inc.)** | 18,00€ |
| **Idioma** | Galego |
| **Data de lanzamento** | 03/11/2020 |

## Títulos relacionados



1.INMANENCIA VIRAL
FAUSTO ALZATI



2.FORMAS DA INDEFINICION
IGNACIO CASTRO REY



3.ENSAIOS RADIOATIVOS
MARCIO-ANDRE